



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Procesos de Formación

Curso Académico: 2016-2017

■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

■ Cumprimento do proxecto establecido

- Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Modificacións do plan de estudos

■ Plan de Melloras

- Abertas curso 2016-2017 e informe de las acciones finalizadas
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

- Abertas curso 2017-2018
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - MPF-AM-1
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - MPF-AM-2
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - MPF-AM-3
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - MPF-AM-4
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - MPF-AM-5

- Finalizadas curso 2017-2018
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Procesos de Formación
Mencións/Especialidades	-
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Semi-Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	29/07/2009
Data renovación acreditación	30/04/2015

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nun contexto laboral en continuo cambio, ten especial relevancia que o perfil formador dos egresados, tanto como deseñadores de formación coma xestores da mesma e non solo en ámbitos laborais educativos senón noutro tipo de ámbitos profesionais ós que o seu perfil profesional sexa adecuado. Tamén é interesante ver no perfil de formativo de acceso que nunha porcentaxe alta proveñen de perfís con proxección formativa na que esta formación complementa campos de coñecemento non traballados con anterioridade na súa formación inicial.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A docencia axústase o establecido na memoria, actualizando e adaptando os contidos e a metodoloxía tanto ás características do alumnado e ós seus coñecementos previos como as características do grupo. Así mesmo, o profesorado conta con instrumentos de avaliación deseñados para coñecer o nivel de consecución dos obxectivos fixados (tales como rúbricas ou traballos conxuntos inter-materias).

Os alumnos/as non participan en programas de mobilidade durante este tramo de formación, é posible que se deba a que estiveron cunha estancia con anterioridade aínda que non se ten información sobre este punto, o cal sería interesante coñecer e no seu caso potenciar.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.

- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O máster conta, entre outros, cun módulo de investigación de carácter obrigatorio de 18 créditos e organizado en tres materias as cales organizan un traballo conxunto (TFMO) para avaliar con defensa pública as tres materia e polo tanto o módulo.

O solapamento de contidos e organización didáctica do traballo das diferentes materias xestionase cas reunións mantidas co grupo de profesores que imparten docencia no máster, pero tamén cas reunións que realízanse para a coordinación das materias e os módulos.

As modalidades de traballo (presencial 60% e virtual 40%) organízanse en cada materia para complementar a formación dos estudantes desde dos metodoloxías diferentes de traballo, planeando actividades diferentes adecuadas a cada un dos soportes virtual ou presencial. É de destacar a crecente vinculación do profesorado co medio virtual implementando actividades e materiais acordes con este medio, tamén é de destacar a mellor adecuación das condicións das aula físicas con mesas que propician o traballo colaborativo.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como recolle a Memoria verificada do título esta formación vai dirixida, aínda que non en exclusiva, a os profesionais de Ciencias da Educación que están interesados en continuar a súa formación, tamén ós que queren iniciarse na investigación. Polo que os datos das titulacións do estudiantado axústase a estas premidas, xa que o 85% dos matriculados proveñen de titulacións de Ciencias da Educación.

No curso 2016-17 o alumnado matriculado cubriu as prazas ofertadas, que foron 25, dos que o 60% (14 estudantes) tiñan titulacións de Mestre, o ben diplomatura o grao, nas súas diferentes especialidades (Primaria, Infantil e Musical). Un 16% (4 estudantes) eran o ben diplomados o graduados en Educación Social e o 8% (2 estudantes) proviñan de grao Pedagogía. Estes datos nos falan de que o estudiantado de Ciencias da educación, conformou o 84% dos matriculados vendo estes estudos como unha formación complementaria interesante. Sen embargo, tamén matricúlanse alumnos/as de outras especialidades como é filoloxía e veterinaria, o resulta interesante polas posibilidades en canto a complementar a súa formación inicial con coñecementos sobre recursos humanos e formación en contextos laborais que en principio non terían que ser formativos.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referido aplicación das distintas normativas (de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de máster, prácticas externas,...), estas se desenvolveron segundo o establecido nas mesmas, sen ningunha incidencia a destacar, aspecto este que queda reflectido nos resultados acadados polo alumnado da titulación.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante para alumnado e/o profesorado é publicada na web institucional, así como na Aula Virtual á que teñen acceso tódolos implicados, de forma que cando faise calquera tipo de publicación neste medio, os participantes reciben información puntual e inmediata nos seus correos-e institucionais.

Ademais, da difusión da información coa realización de reunións temáticas cos colectivos implicados: inicio de curso, presentación dos grupos de investigación, presentación do TFMO e do TFM, reunión para a presentación das prácticas externas, etc.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que se teñen desenvolvidos os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles, o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Simplificado do SGIC e a Memoria de Calidade do Centro. Na páxina web da Facultade, ofrécese un acceso directo ao apartado de Calidade, no que aparece reflectida toda a información relativa á mesma: memorias verificadas, manuais do SGIC, informes de seguimento, etc.

Aínda que as enquisas de avaliación do profesorado e alumnado e demais grupos de interese serían o método máis eficaz de coñecer a satisfacción cos procesos levados a cabo nas aulas, a realidade é que o índice de resposta é moi baixo en ambos colectivos, o que consideramos un aspecto a mellorar. Sendo un problema a resolver tanto a nivel centro como a nivel titulación, xa que os canles de resposta as enquisas establécense dende o voluntarismo dos participantes, o cal pode inclinar a balanza das respostas dos que están moi satisfeitos ós que están moi descontentos, perdendo información moi valiosa para a mellora dos procesos.

Sen embargo, é de destacar que a comunicación co grupo de alumnos/a e cos seus representantes proporciona información interesante para a mellora e o reaxuste dos procesos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os documentos que configuran o SGC son o Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade e o Manual de Procesos e Procedementos. Ambos documentos, así como o Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade, están dispoñibles a través da páxina web da Facultade que imparte o título. Elabórase, así mesmo, anualmente, unha Memoria de Calidade, que recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de melloras do centro, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento do título. O seguimento das melloras que se presentan no apartado 3 (plans de mellora) confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos expostos na memoria de verificación do título, de acordo coas recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos

sucesivos informes de seguimento.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso, participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados.

O Manual Simplificado do SGIC da Facultade adoptouse por primeira vez en decembro de 2013, sendo revisado en 2015 (aprobado pola Xunta de Facultade o 22 de abril de 2015 e, finalmente, pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dos 20 docentes implicados no desenvolvemento do máster no curso 2016-17 o 90% son doutores. O 4,89% das docencias é impartida por catedráticos do departamento, mentres que o 68,07% impártela titulares de universidade e contratados doutores.

O profesorado participa en actividades de formación permanente organizadas pola propia institución, como reflicten os datos nos que un 45,55% asisten a cursos específicos.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referido ao persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.), cabe apuntar que no centro no que se imparte o Máster o Persoal de Administración e Servizos (PAS) distribúese do seguinte xeito: Biblioteca (3 persoas); Conserxería (5) e Tarefas de Administración e Xestión (6 das que dúas son as que se ocupa, fundamentalmente, das cuestións referidas ao máster).

En canto á satisfacción do Persoal de Administración e Servizos da Facultade de Ciencias da Educación (N=7), posto que non existen datos para cada uno dos centros, cómpre salientar o valor acadado no que atinxe á súa satisfacción xeral co traballo que desenvolve (2,86 sobre 5), destacando, entre outros valores, aqueles referidos á mellora da calidade entre os obxectivos da unidade (2,33); á adecuación da formación recibida para o desempeño do seu traballo e á adecuación do reparto de cargas de traballo, ambas cunha puntuación de 2,43 sobre 5; dispoñer da información necesaria para desenvolver o traballo de xeito adecuado (2,57); á adecuación dos recursos (2,71) e espazos (3) para o desenvolvemento e coordinación das súas funcións; así como á satisfacción coa comunicación establecida entre este persoal e as persoas usuarias (2,71), polo que o propio persoal en cuestión outorga o valor de 3,43 á identificación de aspectos susceptibles de mellora, os cales deberían ser atendidos polos órganos responsables

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na páxina web da Facultade infórmase sobre as infraestruturas e recursos materiais dos que se dispón, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento. Os servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse suficientes e minimamente satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas, aulas de informática, seminarios, espazos para traballo dos estudantes, etc.) como aos mecanismos para garantir a súa revisión e mantemento.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados son satisfactorios, o ter unha taxa de rendemento do 92,86% o que marca un progresivo avance desde o 75,65% do curso 2009-10, o que nos sitúa en niveis superiores ós datos da USC en xeral (92,66%), a CCAA (92,74%) e incluso por diante do sistema universitario español que ten unha taxa do 91,22%.

Estes resultados aínda son mellores cando falamos de taxa de éxito, xa que o 98,98% dos alumnos/as do máster superan os créditos ós que preséntanse que acostuman a ser 56,28 créditos dos 60 nos que matricúlanse.

Estes resultados, poden ser mellorados tendo en conta que hai unha porcentaxe que non supera as materias e incluso podemos observar que temos alumnado que non defende no mesmo ano o seu TFM, senón que o fai en convocatorias posteriores, sería necesario facer un estudo das razóns que levan a dito retraso o incluso abandono, aínda que este último sucede o inicio de curso ó ver a incompatibilidade con determinadas características da súa traxectoria persoal o profesional.

O profesorado implicado na docencia é informado destes resultados e analízanse.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A partires do curso 2013-14 a oferta de prazas, diminuíu de 30 a 25, sendo as que se ofertaron no curso 2016-17, se ven é certo que o grupo de alumnado desde máster vese aumentado nalgunhas materias ó ser complementos de formación para programas de doutorado e, ademais, inclúe as prazas de alumnos/as que repiten matrícula o non superar a materia correspondente no ano da súa primeira matrícula. Todo isto nos leva a que no curso 2016-17 o número de alumnado, sexa de 36, mentres que a nova matrícula fora de 25.

No curso 2016-17 o alumnado matriculado de novo ingreso cubriu as prazas ofertadas, que foron 25, dos que o 60% (15 estudantes) tiñan titulacións de Mestre, ben diplomatura ou grao, nas súas diferentes especialidades (Primaria, Infantil e Musical). Un 16% (4 estudantes) eran o ben diplomados o graduados en Educación Social e o 8% (2 estudantes) proviñan de grao Pedagogía. Estes datos nos falan de que o estudantado de Ciencias da educación, conformou o 84% dos matriculados vendo estes estudos como unha formación complementaria interesante. Sen embargo, tamén matricúlense alumnos/as de outras especialidades como é filoloxía (2 alumnos/as de Lingua e Literatura inglesa e Filoloxía Románica) e veterinaria (1 licenciado/a), o resulta interesante polas posibilidades en canto a complementar a súa formación inicial con coñecementos sobre recursos humanos e formación en contextos laborais que en principio non terían que ser formativos.

Estes resultados son alentadores se temos en conta que a relación entre o número de matriculados en másteres da Facultade de Ciencias da Educación de Santiago e o número de egresados dese mesmo centro (código IN14C-PC-05) é de 0,81 e no caso do *Máster en procesos de formación* o número de alumando procedente da mesma facultade e como mostran os datos anteriores dun 84%. Ademais, houbo un aumento na porcentaxe de captación de alumnado egresado da propia USC, un 86,11% dos alumnos do máster proveñen de formación inicial impartida na mesma entidade o cal nos pode facer pensar que ven este máster como unha continuación natural dos estudos cursados.

A **taxa de ocupación** é do 100%, matricúlense nos 60 créditos requiridos na titulación e, como vimos anteriormente ocúpense todas as prazas. A **taxa de abandono** é de un 4,76% conseguíndose que diminuíra con respecto os cursos anteriores, nos que había una taxa de abandono máis alta. E unha **taxa de graduación** do 80,95, moi en consonancia ca taxa de estudos similares da mesma facultade que se sitúa no 79,40%.

No que se refire á **taxa de rendemento** é do 80,22% o que se xustifica porque o alumando cursa os módulos no curso académico e un 41,67% non defende no mesmo curso o TFM, o que dilata os tempos de realización ós 2,07 anos.

A **taxa de éxito** é dun 98,22% e a **taxa de avaliación** do 81,67%, ámbalas dúas algo inferiores ás de cursos precedentes, pero que seguen a ser aceptables.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.

- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

